Foro económico de Galicia

BAEXGA

Barómetro exportador de Galicia

terceiro trimestre 2021

Isabel Novo Corti
José Manuel Sánchez Santos

http://www.foroeconomicodegalicia.es/baexga/baexga.php

ASPECTOS SALIENTABLES

TERCEIRO TRIMESTRE 2021

1. A variación interanual das exportacións galegas no terceiro trimestre de 2021 foi dun **-4,9%**, mentres que as españolas acadaron un incremento de **19,8%**.

2. O sector do automóbil é o máis afectado cunha caída do **-41,2%** respecto ao mesmo trimestre de 2020, que no conxunto español é dun **-7,8%**.

3. A concentración das exportacións galegas, tanto sectorial como territorial segue superando á española.

O Barómetro Exportador de Galicia (BAEXGA) avalía o pulso competitivo dos fluxo das exportacións galegas no contexto español no último trimestre. Para isto, considéranse tres liñas e dous enfoques das cifras de vendas ao exterior: os sectores exportadores, os países de destino e as empresas envolvidas nesta actividade. A información enfócase na situación no trimestre analizado e na variación interanual, en ambos casos contextualizada no entorno español. Os detalles estudados polo miúdo dende estas perspectivas, sintetízanse nun indicador para axilizar a información e por de manifesto os principais puntos de interese tanto nos sectores, como nos destinos e nas empresas exportadoras de Galicia.

1- Visión xeral do terceiro trimestre de 2021

Despois de que nos dous primeiros trimestres de 2021 as exportacións galegas rexistraran taxas de crecemento moi positivas e significativamente por riba da media española, o seu valor no terceiro trimestre de 2021 amosou unha evolución moito menos favorable que a do conxunto de España. A variación interanual, con respecto ao mesmo trimestre de 2020 foi negativa (-4,9%), mentres que no caso español as exportacións rexistraron un crecemento do 19,8 %.

1.1 Exportacións de Galicia respecto a España

O nivel das exportacións galegas amosan un bo posicionamento estrutural, tanto no momento actual como na evolución nos últimos dous anos (2019 e 2020), nos que acadou uns porcentaxes de 7,7 e 8,0% respecto ao total español, mentres que o peso económico de Galicia se sitúa nun 5,2% tal como se amosa no Gráfico 1. A evolución nos catro últimos trimestres mantense nas mesmas coordenadas, con valores que superiores en todos os casos ao 7%.

Gráfico 1. Evolución das exportacións Galicia/España



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e de Datacomex

Porén, coa información reflectida no Gráfico 1 e os datos da comparativa con España recollidos na Táboa 1, compróbase que se ben a actividade exportadora galega é superior á súa participación relativa no conxunto da actividade económica, a evolución das exportacións no terceiro trimestre, desfavorable para Galicia, provocan unha una caída de dita participación nas exportacións nacionais neste último trimestre.

Táboa 1: Exportacións de Galicia e comparación con España. 2021/T3

Exportacións (miles €)	2020 3T	2021 3T	Variación interanual
Galicia	5.947.184	5.654.646	-4,9%
España	64.299.889	77.001.488	19,8%
% Galicia/España	9,2%	7,3%	↑↓

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e Datacomex.

1.2 Variación interanual das exportacións de Galicia e provincias (comparación con España)

O comportamento a nivel provincial é desigual e está condicionado en grande medida pola concentración sectorial que caracteriza ás distintas provincias (Gráfico 2). De feito, a única que presenta taxas de variación negativas é Pontevedra, o que ven determinado fundamentalmente polo comportamento do sector do automóbil. Pola contra, as provincias de Ourense e Lugo son as que presentan maiores taxas de crecemen-

Gráfico 2. Variación interanual Exportacións 3T 2021/2020



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e Datacomex.

to, se ben o son as dúas con menor peso no total das exportacións galegas. O comportamento dispar dos sectores que teñen maior presencia nas exportacións galegas queda claramente reflectido no Gráfico 3. No terceiro trimestre de 2021, o sector do automóbil sofre unha caída interanual do 41,2 % que, xunto co descenso do 8,1 % do sector téxtil, resultan determinantes na variación negativa que rexistran o total das exportacións galegas.

Entre os sectores que máis medran neste terceiro trimestre destacan o de produtos minerais (que inclúe os combustibles), o dos metais comúns, e a madeira e as súas manufacturas.

Gráfico 3. Variación interanual t3 2021/2020. Análise sectorial



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

1.3 Concentración sectorial das exportacións de Galicia (comparación con España)

No que atinxe á composición sectorial das exportacións, o sector máis exportador segue a ser o de material de transporte; fundamentalmente automoción. Esta é unha característica que Galicia comparte con España (Táboa 1). Sen embargo, é en Galicia onde se amosa más representativo, supoñendo case a cuarta parte das exportacións neste terceiro trimestre.

Os sectores téxtil e o de animais vivos e produtos do reino animal son moito máis relevantes en Galicia que no resto de España, xa que ocupan os postos 2º e 3º, respectivamente, mentres que en España sitúanse nos lugares 9º e 10º.

En termos comparativos, os datos da Táboa 2 reflicten que o grado de concentración sectorial das exportacións en Galicia é superior ao das españolas, xa que con só tres sectores supérase a metade do total do valor das exportacións (54,9%), mentres que en España precisase contar con catro sectores para acadar a metade do total das exportacións.

A estabilidade na concentración sectorial en Galicia é manifesta, debido a que é elevada e dificilmente os sectores líderes deixan de ocupar a súa posición. De feito, na Táboa 2 compróbase que en Galicia apenas hai variacións no peso dos sectores, e só se intercambian as posicións os sectores de produtos minerais e alimenticios, tendo os dous participacións nas exportacións galegas inferiores a o 10%. O caso de España é substancialmente diferente debido á presencia dunha menor concentración, onde se ben os dez primeiros sectores supoñen o 85% do total das exportacións (en Galicia acadan o 89%), o reparto é moito máis equitativo. Este detalle apréciase na columna "VP", que reflicte a variación na posición do ranking. Os sectores que ocupan as dúas primeiras posicións acadan o 45% das exportacións galegas (CR2), pero só o 29% das españolas para o conxunto. Deste xeito, en España e previsible atopar cambios nas posicións porque as oscilacións na participación nas exportacións totais para os dez primeiros sectores é de 15% no máis elevado e do 5% no máis baixo (diferencia de 10 puntos), pero en Galicia esa diferencia é de 20 puntos.

Táboa 2. Ratios de Concentración Sectorial 2021/T3 e evolución respecto a 2020/T3

	ESPAÑA					GALICIA				
C	Sector	% X	Ratio	% acumulada X	VP	Sector	% X	Ratio	% acumulada X	VP
1	XVII. Material de transporte	15%	CR1	15%	=	XVII. Material de transporte	22%	CR1	22%	=
2	VI. Produtos das industrias químicas…	14%	CR2	29%	↑	XI. Materias téxtiles e as súas manufacturas	22%	CR2	45%	=
3	XVI. Máquinas e aparellos…	12%	CR3	41%	↓	I. Animais vivos e produtos do reino animal	10%	CR3	55%	=
4	XV. Metais comúns e manufacturas destes metais	9%	CR4	50%	↓	XV. Metais comúns e manufacturas destes metais	8%	CR4	63%	=
5	V. Produtos minerais	8%	CR5	58%	↑	V. Produtos minerais	7%	CR5	70%	↑
6	IV. Produtos das industrias alimenticias…	6%	CR6	64%	↑	IV. Produtos das industrias alimenticias…	5%	CR6	75%	↓
7	VII. Materias plásticas e manufacturas…	6%	CR7	70%	↑	XVI. Máquinas e aparellos…	5%	CR7	80%	=
8	XI. Materias téxtiles e as súas manufacturas	5%	CR8	75%	↓	VI. Produtos Das Industrias Químicas…	4%	CR8	84%	=
9	II. Produtos do reino vexetal	5%	CR9	80%	↓	IX. Madeira, carbón vexetal e manufacturas…	3%	CR9	87%	=
10	I. Animais vivos e produtos do reino animal	5%	CR10	85%	=	XIII. manufacturas de Pedra…	2%	CR10	89%	=

(VP) Variación da posición no ranking respecto ao mesmo trimestre do ano anterior

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e de Datacomex.

1.4 A PARTICIPACIÓN SECTORIAL DE GALICIA CON RESPECTO A ESPAÑA

Neste apartado calculamos o peso relativo que teñen as exportacións galegas nun determinado sector respecto ao total exportado por dito sector en España. Do mesmo xeito, se calculó o peso relativo de cada provincia respecto a Galicia.

Os sectores nos que Galicia destaca con respecto a España, recóllense no Gráfico 4. Este gráfico permite apreciar a importancia do sector téxtil, que, a pesares de seren o segundo en Galicia, representa aproximadamente unha terceira parte das exportacións do téxtil españolas, facendo de Galicia unha Comunidade Autónoma de referencia na contorna do estado español. Con respecto ao sector da madeira e derivados pódese facer o mesmo tipo de consideración, xa que Galicoaa supera a cuarta parte das exportacións españolas deste sector[05]. Outros sectores salientabies son os do automóbil (material de transporte), animais vivos e calzado .

Gráfico 4. Participación sectorial de Galicia con respecto a España



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e de Datacomex

O Gráfico 5 pon de manifesto a especialización provincial en materia de exportacións e pódense identificar aquelas que teñen un peso no total das exportacións galegas superior ao peso da economía da provincia no total galego. Na provincia da Coruña salienta o téxtil e os produtos minerais (que inclúe os combustibles). Na provincia

de Lugo vese unha clara especialización en produtos das industrias químicas e en madeira e derivados. No caso de Ourense a especialización céntrase nas graxas e aceites animais ou vexetais, as manufacturas de pedra e no sector de peles, coiro, peletería e manufacturas destas materias. En Pontevedra, salienta a especialización no sector do automóbil, os produtos tanto do reino animal como vexetal (compoñentes esenciais do sector agroalimentario) e a pasta de madeira.

Gráfico 5. Principais sectores exportadores de cada provincia e o seu peso no total de Galicia









Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e de Datacomex

1.5 A especialización sectorial de Galicia con respecto a España

O indicador que permite afondar na caracterización do sector exportador galego e na súa comparativa con España e especialización sectorial é calculado do seguinte xeito:

$$I_{Bs} = \frac{x_{gs}/x_g}{x_s/X} x100$$

X_{gs}=exportacións de galegas do sector "s"
X_g=exportacións galegas
X_s=exportacións de España do sector "s"
X= exportacións españolas

Un valor superior a 1 deste indicador revela que ese sector ten un peso maior nas exportacións galegas, que o mesmo sector a nivel de España. No Gráfico 6 recóllense os valores do indicador. No caso galego a especialización é máis acusada no sector téxtil, madeira e derivados, agroalimentario e automóbil.

Gráfico 6. Especialización das exportacións de Galicia respecto a España



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e de Datacomex

2. Os destinos

No que se refire á presencia das exportacións galegas nos distintos mercados internacionais, identifícanse os principais países compradores tanto a nivel rexional como provincial xunto coas contribucións de cada un deles ao crecemento das exportacións así como a concentración espacial que caracteriza aos mercados exportadores (Gráfico 8 e Gráfico 9).

2.1 Ranking dos principais destinos

No Gráfico 7 queda patente a forte concentración das exportacións galegas cara á Europa, que representan o 80%, seguida de América e África. A participación de Asia e do 5% e a Oceanía non se exportan mercancías en cantidades significativas.

No Gráfico 8 figuran os 10 primeiros

Gráfico 7. Distribución das exportacións segundo áreas xeográficas. Galicia 2021-T3.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Gráfico 8. Ranking dos principais destinos das exportacións galegas



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

países de destino por volume de exportacións. A primeira posición ocúpaa Francia, a grande distancia do segundo (Portugal). Como se observa no gráfico, este ranking mantense inalterado, nas tres primeiras posicións, cando se compara a situación do terceiro trimestre de 2021 coa do mesmo trimestre do ano anterior.

Gráfico 9. Ranking dos 10 principais destinos das exportacións por provincias (2021-T3).



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

2.2 Concentración

2.2.1 Detalle de destinos atendendo ao seu carácter extra e intracomunitario

As mercadorías exportadas por Galicia e España diríxense maioritariamente á Unión Europea. Se ben, á preferencia por este destino é máis acusada en Galicia durante o terceiro trimestre de 2021, a variación interanual indica unha maior diversificación relativa dos destinos na comunidade galega (Táboa 3).

Por áreas xeográficas, a Unión Europea concentra o 70 % das exportacións galegas, dato este revelador da forte dependencia das exportacións respecto da evolución das economías que integran o mercado comunitario (Gráfico 10). A nivel provincial, A Coruña e sobre todo Lugo, sitúanse por encima deste limiar do 70 %. A provincia cunha maior porcentaxe de exportacións extracomunitarias é Ourense, onde un 36,6% das vendas ao exterior teñen como destino países que non pertencen a Unión Europea (destacando entre estes Reino Unido, México, Chile e Estados Unidos).

Táboa 3. Exportacións de Galicia aos principais destinos. Terceiro trimestre 2021.

Exportacións intracomunitarias/total	2020 3T	2021 3T	Variación interanual
Galicia	70,5%	70,0%	-0,5%
España	61,3%	61,5%	0,2%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e Datacomex.

Gráfico 10. Exportacións comunitarias/extracomunitarias de Galicia e provincias (2021-T3).



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

2.2.2 Indicadores de concentración por destino

No que atinxe á concentración espacial por destinos das exportacións galegas, o trazo máis destacable e que máis da metade do valor das exportacións (52,66 %) concéntrase unicamente en cinco países, mentres que os 10 principais destinos (oito deles forman parte da Unión Europea) supoñen máis do 70 % das exportacións (72,88 %) (Táboa 4).

Táboa 3. Exportacións de Galicia aos principais destinos. Terceiro trimestre 2021.

Pais	Exportacións 2021-T3	Concentración 2021-T3	Coeficiente
Francia	17,76%	17,76%	CR1
Portugal	14,38%	32,14%	CR2
Italia	9,73%	41,87%	CR3
Alemaña	5,51%	47,38%	CR4
Reino Unido	5,28%	52,66%	CR5
Polonia	4,72%	57,38%	CR6
Marrocos	4,65%	62,03%	CR7
Países Baixos	3,88%	65,91%	CR8
Bélxica	3,85%	69,76%	CR9
Estados Unidos	3,12%	72,88%	CR10

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

2.3 Contribución dos principais destinos á variación interanual das exportacións

Considerando conxuntamente o peso no total das exportacións de cada país e a taxa de variación interanual das mesmas, calcúlase a contribución dos principais destinos á variación das exportacións. Os datos recóllense no Gráfico 11 e permiten constatar que Francia e Reino Unido son os dous países que máis negativamente contribúen á evolución das exportacións no terceiro trimestre de 2021. O importante peso destes países como destino das exportacións galegas resultou determinante na desfavorable evolución do conxunto das exportacións. Pola contra, os países cunha maior contribución positiva foron Marrocos, Portugal e Estados Unidos.

Gráfico 11. Contribución de cada destino á variación das exportacións galegas. Terceiro trimestre 2021.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

3- As empresas exportadoras

3.1 Número, tamaño e regularidade nas exportacións

Na Táboa 5 obsérvase que, en valores absolutos, o número de empresas exportadoras no terceiro trimestre de 2021 aumentou en Galicia un 13,22 %, se ben o incremento porcentual foi maior no caso español (17,69 %), xa que logo, a porcentaxe de empresas exportadoras galegas respecto ao nacional redúcese lixeiramente con respecto ao total español, e sigue situándose por debaixo do peso da economía galega no conxunto do estado (5,2 %).

Táboa 5: Número empresas exportadoras en Galicia e comparativa con España

Nº Empresas Exportadoras	2020 3T	2021 3T	Variación interanual
Galicia	3.902	4.418	13,22%
España	89.455	105.276	17,69%
% Galicia/España	4,36%	4,20%	↓

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e Datacomex.

Máis alá do número de empresas exportadoras, moitas das cales exportan mercadorías de xeito puntual e por un importe reducido, convén analizar a evolución do número de empresas que exportan por valor superior a 50 mil euros e das empresas que exportan regularmente. A información sobre estes aspectos para os tres primeiros trimestres ofrécese na Táboa 6.

No acumulado do que vai de ano, os datos máis salientables a este respecto son que, a pesar de que aumenta o número de exportadores regulares, diminúe a porcentaxe que estes supoñen sobre o total de empresas exportadoras. O mesmo sucede cos exportadores de certa dimensión (≥ 50 mil euros). Finalmente, no que se refire aos exportadores regulares que acadan dita dimensión, o número mantense practicamente estable aínda que se reduce a súa porcentaxe con respecto ao total dos exportadores regulares.

O número de empresas exportadoras amosa unha variación interanual maior que a española a, ademais, ten maior porcentaxe de empresas exportadoras de máis de 50 mil euros.

Respecto ás empresas exportadoras regulares, Galicia ten una proporción maior (31,7%) que o conxunto español, 2,6 puntos superiores a esa taxa en España, que se sitúa no 29,1%, indicando una maior estabilidade na actividade exportadora. A evolución no que vai de ano 2021 amosa unha variación interanual desde tipo de empresas menos favorable para Galícia que para España (Táboa 7).

Táboa 6. Empresas exportadoras galegas con un tamaño mínimo e empresas exportadoras regulares.

	Xaneiro-Setembro 2021	Variacion interanual	Xaneiro-Setembro 2021	Variacion interanual
	Galicia		España	
Exportadores totais	7.853	29,8	195.892	26,9
Exportadores regulares	2.493	1,9	56.989	8,9
% Exportadores regulares	31,75	-8,7	29,09	-4,8
Exportadores ≥ 50 Mil €	2.273	8,4	36.904	8,2
% Exportadores ≥ 50 Mil €	28,94	-5,7	18,84	-3,3

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do ICEX.

Táboa 7. Empresas exportadoras regulares galegas, contextualización en España.

% Empresas exportadoras regulares/ Total empresas exportadoras	Xaneiro-Setembro 2021	Variación interanual empresas exportadoras regulares %
Galicia	31,7%	1,9
España	29,1%	8,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do ICEX.

3.2 Intensidade tecnolóxica das empresas exportadoras

Outro indicador relevante sobre a empresas exportadoras galegas e o contido tecnolóxico dos produtos que venden ao exterior. Neste senso, Eurostat establece especificacións estatísticas para delimitar os produtos de alta tecnoloxía (Eurostat, 2016) e a partir da clasificación de produtos SITC Rev.4, Eurostat considera produtos de alta tecnoloxía a nove ramas de manufacturas relacionadas cos seguintes sectores: aeronáutico e aeroespacial, equipo informático, electrónica e telecomunicacións, farmacéutico, instrumental científico, maquinaria eléctrica, química, maquinaria non eléctrica (maquinaria controlada numericamente), e armamento.

Se consideramos o número de empresas galegas de produtos de alta intensidade tecnolóxica en relación co el total de empresas españolas, o Gráfico 12 amosa que no terceiro trimestre de 2021, a porcentaxe de empresas galegas (6 %) que exportan este tipo de mercadorías sitúase lixeiramente por debaixo do español (7%). Os datos dos valores absolutos e relativos en comparación con España, recollidos na Táboa 8, detallan que esta situación empeora cando se considera a variación interanual.

Táboa 8. Número empresas galegas exportadoras de mercadorías de intensidade tecnolóxica en Galicia e comparativa con España

Nº Empresas Exportadoras Alta Tecnoloxía	2020 3T	2021 3T	2021 3T
Galicia	376	288	-23,40%
España	9.850	7.981	-18,97%
% Galicia/España	3,82%	3.61%	↓

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do ICEX.

Gráfico 12. Empresas exportadoras e intensidade tecnolóxica. Galicia e España 2021-T3.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do ICEX.

Como complemento á anterior información, na Táboa 9 ofrécense os datos sobre a distribución provincial das empresas exportadoras atendendo a intensidade tecnolóxica dos seus produtos. Como se pode observar, máis da metade de empresas exportadoras de intensidade tecnolóxica alta sitúanse na provincia de Pontevedra e un pouco máis da terceira parte en A Coruña. No extremo oposto estarían Lugo e Ourense onde a porcentaxe de empresas exportadoras de produtos con intensidade tecnolóxica é menos significativa.

Táboa 9. Distribución provincial das exportacións segundo a súa intensidade tecnolóxica. Terceiro trimestre 2021.

Ubicación das empresas exportadoras galegas segundo intensidade tecnolóxica	Alta	Media alta	Media baixa	Baixa	Non clasificable
A Coruña	34%	34%	32%	31%	34%
Lugo	6%	7%	5%	8%	7%
Ourense	8%	8%	10%	11%	7%
Pontevedra	53%	51%	53%	50%	52%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do ICEX.

4-"Semáforo" con resumo de indicadores

A modo de síntese, elaboramos o "semáforo" da Táboa 10. Para obter a cor cara ao indicador téñense en conta tanto a nivel relativa de Galicia respecto a España no período analizado como a taxa de variación interanual. Os detalles dos cálculo e orixe dos datos utilizados recóllense na nota metodolóxica do anexo.

Ningún dos indicadores se atopa en cor verde. Con respecto ao volume de exportacións, o peso de Galicia en España mantense moi por riba do seu peso no PIB. Porén o terceiro trimestre, ao contrario da tendencia dos trimestres anteriores, deixou taxas de variación interanual desfavorables con respecto a España, por tanto a cautela reflíctese no semáforo.

A concentración, tanto sectorial como espacial no terceiro trimestre de 2021, é máis alta en Galicia que en España, pero a súa evolución definida pola taxa de variación interanual é mellor que no conxunto español.

A taxa de empresas exportadoras galegas no terceiro trimestre de 2021 está por baixo do que lle correspondería a Galicia segundo o seu peso económico no conxunto de España e os datos da variación interanual desta taxa afondan na situación.

O detalle das empresas exportadoras regulares é comparativamente mellor, debido a que no período analizado a proporción de empresas exportadoras galegas que teñen actividade regular é maior que en España, a pesar de que a taxa de variación interanual non e favorable[1]. Finalmente, cómpre tamén prestar atención ao tipo de mercadorías exportadas, particularmente no referido á intensidade tecnolóxica das mesmas, porque a porcentaxe de empresas dedicadas a estas mercadorías é inferior ao español e a dinámica non parece indicar melloras.

Táboa 10. Semáforo Baexga. Resumo indicadores. Terceiro Trimestre 2021.

Volume de exportacións	
Concentración sectorial	
Concentración espacial	
Empresas exportadoras	
Empresas exportadoras regulares	
Empresas exportadoras intensidade tecnolóxica alta	

Fonte: Elaboración propia

1- Cómpre aclarar que, para este apartado, utilízanse datos acumulados Xaneiro-Setembro, debido á falla de dispoñibilidade de información máis detallada.

ANEXO

NOTA METODOLÓXICA PARA A ELABORACIÓN DO SEMÁFORO

Respecto aos cálculos para a elaboración do semáforo, na Táboa seguinte, atópanse detalles.

Indicadores	Peso respecto a España 2021-T3	Diferencial variación interanual	Resumo 2021-T3
Volume de exportacións	X Galicia/X España 2021-3T, comparado co 5,2% que representa PIB-Galicia/PIB-España. **Valores > 5,2 = verde**	Variación interanual de Galicia – Variación interanual de España **Valores > 0 = verde**	**Verde + Verde = Verde** **Verde + Vermello = Amarelo** **Vermello + Verde = Amarelo**
Concentración sectorial	CR4 Galicia – CR4 España. **Valores < 0 = verde**	Variación interanual de Galicia – Variación interanual de España **Valores < 0 = verde**	
Concentración espacial	% X Galicia á UE – % X España á UE. **Valores < 0 = verde**	Variación interanual de Galicia – Variación interanual de España **Valores > 0 = verde**	
Empresas exportadoras	Empresas exportadoras galegas respecto a empresas exportadoras Españolas. **Valores > 5,2 = verde**	Variación interanual de Galicia – Variación interanual de España **Valores < 0 = verde**	
Empresas exportadoras regulares	Empresas exportadoras regulares respecto ás exportadoras en Galicia – a mesma taxa en España. **Valores > 0 = verde**	Variación interanual de empresas exportadoras regulares de Galicia – Variación interanual de España. **Valores > 0 = verde**	
Empresas exportadoras intensidade tecnolóxica alta	Empresas exportadoras de intensidade tecnolóxica alta respecto ao total exportadoras en Galicia – a mesma taxa en España. **Valores Galicia > 0 = verde**	Variación interanual da taxa de empresas exportadoras de intensidade tecnolóxica alta en Galicia – Variación interanual en España. **Valores > 0 = verde**	

Detalle de participación relativa das provincias nas exportacións

Participación relativa A Coruña/Galicia
(orden 2021-T3)



Participación relativa Lugo/Galicia
(orden 2021-T3)



Participación relativa Ourense/Galicia
(orden 2021-T3)



Participación relativa Pontevedra/Galicia
(orden 2021-T3)



O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento das universidades e empresas galegas á sociedade. Está integrada por máis de 60 profesores e investigadores das tres universidades galegas, empresarios, directivos e xornalistas especializados en divulgación económica.

SOCIOS

//ABANCA	ASOCIACION GALLEGA DE LA EMPRESA FAMILIAR	Casal de Armán
civisglobal construimos entorno	COREN	CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Cruz Roja	Domusvi Cuidamos personas en buena compañía	Galuresa Algo más que gasolineras
Hierros AÑÓN, S.A.	Hijos de Rivera, S.L. Corporación	JEALSA
MEGASA	Naturgy	Grupo Nogar
PÉREZ RUMBAO	ReVi	Rodiñas
Rodman	Consorcio Zona Franca Vigo	Grupo de investigación GEN Universidade Vigo

Foro económico de Galicia

BAEXGA

Barómetro exportador de Galicia

terceiro trimestre 2021

Isabel Novo Corti
José Manuel Sánchez Santos